

TRES CARTAS DO DESTERRO

Por RAMÓN MARTÍNEZ-LÓPEZ

Os vieiros da creación artística constitúen moitas vegadas un embeleñado cadelo imposible de endereitar ou, no mellor dos casos, un problema que aguilloa o noso coñecimento ou a nosa imaxinación. O escritor narrativo, por exemplo, aproveita na súa laboura experiencias vividas ou valentes olladas ao futuro que configuran o presente. Algunhas literaturas europeas, como a francesa ou a inglesa, ricas en expresións intimistas —diarios, confesións, memorias, epistolarios— fan doado, relativamente, axexar, por veces de esguello, ao longo daqueles vieiros á descuberta do proceso creador. Non foi a Península en xeral, nin Galiza concretamente, tan abastadas nestes xéneros literarios. (A autobiografía narrativa é ficticia e emprestada ás literaturas orientales. As cartas de Sor Mariana son un caso isolado na literatura portuguesa. E Santa Teresa cree unha obriga comunicar, como unha instrución espiritual, o proceso da súa formación relixiosa).

Todo esto ven a conta pra destacar nas cartas de Castelao que hoxe se publican algunhas “cousas da vida” que poucos meses máis tarde aparecerían parcialmente incrustadas na súa obra. O caso máis craro é o do fin da segunda carta, de febreiro de 1935, que con sorprendente fidelidade reelabora e manda no outono do mesmo ano a *A Nosa Terra* dende Badaxoz, e máis tarde reproduce no limiar (*Adro*) de *sempre en Galiza*:

“Acompáñame un can vagamundo, que me sigue a todas partes; un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar; un can agradecido até o ser-

vilismo, que por unha pedra de zucre agarda por mín na porta do café para facerme compañía no paseo de total-as tardes... Este cativo animal dame noxo e compaixón, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, parécese un símbolo... *Aquí se muere de asco hasta el obispo*".

Polo que fai ás circunstancias das tres misivas pouco se ten que engadir. Castelao veu a Lisboa, hospedouse con nós no Hotel Tivoli e alí se encontróu con Teixeira de Pascoaes, un temperamento paralelo ao de Daniel. Falóuse sobor de todo da trilogía: *São Paulo* —que eu traducira facía pouco ao castelán— *S. Jerónimo e a Treboada* e *S. Agostinho*. Ouvilos foi un regalo único. Pascoaes chegou a bicarille a man a Castelao, craramente conturbado. Castelao falou dun galego de Badaxoz en termos que fai pensar no persoaxe que tristemente figura nas súas crónicas a *A Nosa Terra*. Falaba tamén amargurado da incompreensión para os problemas da Galiza por parte do partido socialista e de moitos republicanos galegos.

A derradeira carta foi escrita pouco antes dos nosos viaxes. Cruzámonos á altura da Habana, el no "Argentina", camiño de Buenos Aires, e eu no "Delvalle" rumbo a Nova Orleáns. Foi o día 27 ou 28 de xuño de 1940. Sabendo a data da saída de Nova York cablegraféille ao barco e dúas horas máis tarde tiven a súa resposta. Non volvín a velo. Só as súas poucas cartas e o xeneroso envío dos seus libros.

* * *

"Café Mundial". Plaza de la Constitución

Badaxoz, 30 de xaneiro de 1935

Sr. don R. Martínez-López

Meu querido amigo e irmán: Xa sei que Pascoaes chegou a Lisboa fuxido do frío do Marão. Iréi, pois, a Lisboa.

Agora ben; teño que facel-o viaxe de incógnito, pois non levaréi permiso oficial e compre que ande con moito tento. Sairéi d'eiquí un sábado e sairéi de Lisboa o luns pol-a noite para chegar a Badaxoz o martes pol-a mañán. D'este xeito non falto á oficiña máis que o luns e diréi que apañéi un constipado e que non saín do hotel... ¿Qué che parece? Supoño que por esta mentira non estaréi no Purgatorio nin un soio día.

